

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2020/11	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Revogación da declaración de non dispoñibilidade de créditos.»
<b>Data</b>	17 de novembro de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 12:47 ata as 13:14 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	María Dolores Castiñeira Alén
<b>Secretaria</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ

Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	NON
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b>	
1. Ana Cristina Pérez Cabaleiro: «Motivos laborais»	
1. Ángela Valcárcel Bernárdez: «Motivos laborais»	

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Expediente 923/2020. Revogación da declaración de non dispoñibilidade de créditos.

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento


**Sra. Pereira González:** Bo día a todos e a todas convocamos este pleno extraordinario co obxectivo da revogación da declaración de non dispoñibilidade de créditos, concretamente de 250.000 euros ao abeiro do Plan Económico Financeiro. No mes de marzo cando facemos a liquidación do orzamento do 2019 atopamos como resultado que non cumprimos nin a regra de gasto, nin a estabilidade orzamentaria, estes dous parámetros son de obrigado cumprimento e polo tanto vémonos na necesidade de elaborar un Plan económico financeiro, a pesar de non ser a mellor das situacións, o mellor dos momentos en plena pandemia e con outras urxencias, outras necesidades sobre a mesa, pese a iso puxémonos a traballar dilixentemente e elaboramos ese plan económico financeiro que trouxemos a pleno o 15 de xuño. Ese plan contiña unha serie de medidas para os anos 2020 e 2021 que tiñan como obxectivo que neses anos se cumprira a regra de gasto e a estabilidade orzamentaria. Para o ano 2020 e posto que xa levabamos bastante exercicio andado, acordouse cos cálculos que fixo o departamento intervencións co bloqueo ao non gastar 250.000€ sería suficiente para cumprir. Para o 2021 eran outra serie de medidas, e así ata o 6 de outubro que o Consello de Ministros tivo a ven suspender as regras fiscais para os anos 2020 e 2021, decisión da que nos alegramos enormemente. Somos moitos os Concellos, moitos gobernos, que levamos tempo reclamando a eliminación da Lei Montoro de medidas restritivas como a regra de gastos, que como sempre digo son instrumentos de disciplina financeira, disciplina que recae sobre o eslavón máis baixo da cadea, os Concellos, e ao final a

administración máis próxima á veciñanza que é a que ten que buscar solucións aos problemas dos veciños e veciñas, atender as necesidades e ao final estas cousas sempre recaen en gasto económico.

A regra de gasto non só incide para a economía, as necesidades, senón que tamén impide axustar a economía á realidade, por moito que se ingrese para cumprir a regra de gasto non podemos gastar máis co exercicio anterior, e a verdade é que isto está moi ben para que dean as contas en Europa pero para os Concellos é unha traba enorme e creo que a maior parte dos Concellos non estamos pola labor de ser o instrumento de aforro de Goberno, por iso nos alegamos enormemente e a pesar de que a motivación que levou a estas suspensións e o estado excepcional que estamos a vivir, espero e confío en que unha vez que se tomou esta decisión non se dea marcha atrás e para os seguintes exercicios se siga na mesma liña. Polo tanto e polo que a nós nos atinxe, 250.000€ do orzamento que podemos dispoñer. Falabamos o outro día na Comisión sobre o resto do Plan Económico e precisamente o venres chegou unha instrución da Consellería de Facenda na que di que os Plans económicos financeiros realizados para os exercicios 2020 e 2021 quedan sen efecto e os que tiñan que facelo pois xa non teñen que facelo e outra cuestión é as medidas que se acordaran dentro deste Plan, como é o noso caso, o acordo de non dispoñibilidade, xa que se aprobou no mesmo pleno e precisa tamén de acordo plenario para revocalo, polo tanto se hoxe se aproba este punto a partir de mañá mesmo dispoñemos de 250.000€ que xa eran nosos e poderemos executar o orzamento na súa totalidade.

**Sr. Núñez Troncoso:** Bos días, desculpar a ausencia das nosas compañeiras Ana Cristina e Ángela que por motivos laborais lles foi imposible asistir.

O Plan económico financeiro había que facelo dada a situación caótica que tiña este Concello, que tiña e seguimos tendo, pero non é só do 2019, 2020, senón 2018, 2017. Falaba vostede da lei Montoro, todos os problemas eran da lei Montoro, en dous días xa de derogou, mire que problema había coa lei Montero. Falou de todo menos do económico, non deu vostede ningún dato económico. Este é un expediente que se aprobou nun pleno do mes de xuño, aprobouse a declaración de non dispor dun importe de 250.000€, e ollo que esta revogación non significa que a situación económica do noso Concello está en bonanza, todo o contrario, porque aí está os máis 3.300.000€ que se deben a 31 de decembro de 2019 e aí seguen. Parte positiva desta revogación é que vas a poder dispor de 25.700€ para educación que antes non se podía dispor, insuficiente, xa o dixemos no Pleno do orzamentos que a partida para educación todo o que abarca a educación é insuficiente, e polo tanto imos poder adquirir libros, imos poder pagar calefacción para os colexios, limpeza, enerxía, subministros, etc., imos poder dispor de 20.000€ para deportes, para cultura imos a poder dispor de 15.600€ que antes non se podían dispor, e nós nos orzamentos xa propuxemos, na reclamación xa propuxemos que parte do que está asignada a área da cultura que se destinara a outras áreas prioritarias como agora imos a dicir. Non



estamos a dicir que se elimine a partida de cultura, senón que este ano non se celebraron nin as Festas do Cristo como a dos Callos, polo que pediamos que esa cantidade que ía para eses eventos se asignara a outras áreas deficitarias. Inversión, imos poder dispor de 125.000€, estamos de acordo que se invistan en vías, en camiños ou en medio ambiente ou incluso para compra de equipos para o propio Concello, pero co que non estamos de acordo é para ocorrencias de turno sen proxecto, sen planificación, e venme a mente o que se fixo recentemente na Devesa substituíndo unha marquesiña que se puxo nova, se inaugurou fai un ano e medio máis ou menos e se non me lembro, mal valeu 12.000€, ano e medio de funcionamento e se tiraron con 12.000€, iso di moito da deficiente execución como xa dixo este grupo do que era a Praza da Devesa. Imos a poder dispor de 18.500€ para publicidade, propaganda e protocolo volvemos a ter 95.000€ para publicidade, propaganda e protocolo, de verdade que vostedes creen que estamos nos momentos para gastar 95.000€ en publicidade, propaganda e protocolo? De verdade que o creen? Ou seguir gastando 18.000€ en vídeos propagandísticos? De verdade que o miran vostedes prioritarios isto? Cando hai outras necesidades que os veciños estamos padecendo, polo menos os que vivimos en Salceda, polo tanto este grupo pídelle que recapaciten, que mediten o que van a facer con estes 250.000€ e marquen as prioridades, que as hai e moito, e que fagan as modificacións orzamentarias correspondentes para destinar este diñeiro e máis incluso como nós propuxemos cando foi o orzamento, sobre todo a servizos sociais, a limpeza dos colexios, limpeza da beirarrúas etc... marquen prioridades e non fagan ocorrencias.

**Sra. Tourón Domínguez:** Bos días a todos e a todas, tamén a veciñanza que nos segue dende as súas casas. Aquí o que traemos e a revogación da declaración da non dispoñibilidade de crédito, non imos a volver a analizar o que xa analizamos cando se aprobou o Plan Económico financeiro, eu sempre digo o mesmo, se por parte dos compañeiros do Partido Popular que defenden todos os temas absolutamente sempre da mesma maneira, creo que para cada tema hai unha defensa e unha opinión é esa é a que debemos seguir. A min tamén me gustaría facer unha referencia ao que acaba de dicir o compañeiro do Partido Popular e que gastemos máis en limpeza, máis en educación, máis en servizos sociais, por suposto este ano se gastou mis en todo iso, claro que hai prioridades, se establecen prioridades, se establecen plans de traballo, o das ocorrencias, sempre estas repetindo que traballamos a base e ocorrencias, creo que é unha falta de respecto a este equipo de goberno. Temos plan de traballo, temos plans de organización e se vostede quere seguir empeñado en dicir que se fai todo mal, continúe, pero iso non é certo. En canto ás axudas a limpeza, axudas a servizos sociais, eu quero lembrarlle que o Concello esta facendo a limpeza dos centros escolares e a desinfección que seguimos crendo que tiña que estar na man da Xunta de Galicia, e por suposto que ese diñeiro de Cultura e doutras áreas se está destinando ás necesidades máis prioritarias por suposto que si. Eu o que lle pediría e que o que nos está pedindo a nós de inversión, que llo pida tamén a Xunta de Galicia, para esa desinfección, para ese investimento en educación, para servizos sociais. Lembro que tanto o Concello como a Deputación puxeron plans para



alimentos a familias máis desfavorecidas, aínda non mirei ningún dese tipo da Xunta de Galicia, eu tamén agradecería que se pedira. Apoio totalmente a exposición que fixo a Concelleira de Facenda e o bo de todo isto non é o que poidamos destinar a publicidade ou destina a educación é en xeral que temos 250.000€ para destinar ao que precisa a veciñanza de Salceda.

**Sra. Pereira González:** Dixo a parte positiva disto, entendo que todo é parte positiva, non sei cal é a parte negativa, non sei si o Partido Popular atopa algunha parte negativa a que poidamos dispoñer de 250.000€ do noso orzamento e que eran nosos. Si quería matizarlle, no ano 2018 cumpríanse todos os parámetros, regra de gasto, estabilidade orzamentaria e non era necesario facer Plan económico financeiro, no 2019 non se cumpría e por iso se fixo. En canto ao reparto, xa no seu momento cando fixemos o acordo de non dispoñibilidade non estaban de acordo con esta partidas debatémolo no seu momento, debatemos o mesmo nos orzamentos, son as partidas que o goberno decidiu, o que que pode ter claro e que non se deixou de atender ningunha necesidade da veciñanza en ningún momento.

**Sr. Núñez Troncoso:** Di a Sra. Verónica defensa da mesma maneira, defensa da mesa maneira non porque estamos nun punto no que só podemos falar cinco minutos e noutros dez por aí xa non pode ser da mesma maneira. Limpeza, vostede sempre vai a limpeza dos coles que a ten que facer o Concello pero o problema é da Xunta, se non quere os coles a biblioteca lle pasa o mesmo e non é da Xunta, a este Concello lle pasa o mesmo e que eu saiba é noso non é da Xunta, o que pasa é que hai que saír pola tanxente de algunha forma. Ocorrencias seguimos dicindo porque tráenos aquí a esta mesa a inversión que está no orzamento, se parte da inversión xa foi por recoñecemento extraxudicial 1 e 2 do 2020, outra parte imos a pagar a marquesiña que acaban de por, sen embargo non viu a pleno, iso son ocorrencias, os importes son exactamente os mesmos 2019 e 2020 o anexo de inversión o mesmo, xa me dirá vostede onde están os proxectos, si iso non é traballar a base de ocorrencia explíqueme vostede. Di tamén a Xunta non inverte, se fora co seu apoio podía investir máis, lembre que vostede votou en contra da moción que presentou este grupo para reclamarlle ao goberno central os 200.000.000 euros para apoiar a Xunta, que nos correspondía pola recadación do IVE, por qué non apoiou vostede á Xunta? Vostede quere que invista sen embargo non apoia á Xunta para reclamarlle algo que é lexítimo.

Sra. Lucia dicía vostede a parte negativa, se a vostede lle parece que é positivo gastar 95.000€ no tempo que estamos en publicidade, propaganda e protocolo, como comprendera nós non imos a dicir que iso é positivo, negativo a todas luces, gastar en inversións a base de ocorrencias é negativo, e xa non falemos do soldo porque o do soldo xa é reiterado. Si estamos de acordo en que poidamos ter máis dispoñibilidade para educación, ou para deportes, pero como xa dixen antes para educación é insuficiente. Reitero para pedirlle ao goberno que medite o que van a facer con estes cartos, que o pensen ben e que marquen prioridades, prioridades que son necesarias



agora mesmo e que todo o mundo o reclama e que todo o mundo o sabemos onde están as prioridades, o que pasa é querer e por vontade en resolver os problemas que teñen os nosos veciños actualmente pola situación que estamos a vivir.

**Sra. Tourón Domínguez:** Eu apoio todo o que queira a Xunta, que veña aquí que presente os seus proxectos de mellora para Salceda e pódelle asegurar que o Partido Socialista e creo que todo o equipo de goberno ía a apoiar as inversións da Xunta, o problema é que non aparecen, os anuncian como anunciaron os baños do CPE Altamira e agora se fan solo a metade. Ese tipo de cousas que en campaña quedan moi ben ou ao inicio do cole e despois cando estamos en plena pandemia e se necesitan de verdade que todos os baños estean en perfectas condicións, pois xa o que se anuncia xa non era tal, xa era só a metade, etc...Esa é a inversión que necesitamos en educación tamén da Xunta de Galicia. Deixemos de falar de limpeza, porque estamos falando de limpeza e eu estoulle falando de desinfección que son cousas moi distintas. En canto á partida de publicidade tamén debería ser máis concreto porque nesta partida de publicidade, propaganda,etc... tamén están as axudas aos deportistas e que vostedes están dicindo que apoian ao deporte e que queren que invistan máis en deporte, é , que a veces queda moi ben dicir, só dicir unha parte das cousas pero había que dicilas enteiras. En canto a moción de votar en contra dos 200.000.000 € para Galicia a min gustárame que vostede non se esquecera de lembrar de onde partiu, cal foi o culpable de que esa liquidación do IVE non se fixera en tempo e forma, e tamén de que o Partido Popular non apoiou ningunha das propostas que fixo o Partido Socialista no Congreso para solucionar este problema.

**Sra. Alcaldesa:** Falan vostedes por sistema pleno tras pleno, ademais dos nosos salarios, da publicidade e propaganda que é unha partida que ademais contablemente se chama así, 95.000€ que serven, como acaba de dicir a compañeira Verónica, para atender a colaboración con multitude de deportivas e de escuderías e doutros colectivos. Ademais diso asínanse convenios con diferentes medios de comunicación como se fai en todos os Concellos de toda a provincia independentemente da cor política. A min me gustaría saber que deixarían de facer vostedes, entendo que nada, e as cousiñas hai que explicalas ben para que a veciñanza saiba de que se fala. En todo caso eu hoxe estou contenta, coma o resto do equipo, hoxe aquí traemos unha revogación que o único que entendo é que traen beneficios, beneficios porque imos a poder pagar as empresas, porque imos poder dispor de inversión para as necesidades de Salceda do noso Concello, entre outras cousas moitas delas recollidas nos seus rogos que nos trasladan a aquí nos plenos cada vez que celebramos, beneficios de execución do orzamento, en definitiva beneficio para a veciñanza, e eu entendo que o Partido Popular non vai a estar en contra de esta nova, así agardo que haxa unanimidade en algo que beneficio o conxunto da poboación. Dou lectura da proposta:

*“Visto o Plan Económico Financeiro para os exercicios 2020-2021 aprobado polo*

*Pleno en sesión de data 15 de xuño de 2020 no que se establece como medida a adoptar con efectos no ano 2020 a non dispoñibilidade de créditos por importe de 250.00,00 euros.*

*Visto o Acordo do Consello de Ministros de 06/10/2020 no que atendendo ao excepcional contexto actual derivado da pandemia do COVID-19, o Goberno suspende as regras fiscais para os anos 2020 e 2021 polo que queda anulada a senda e os obxectivos de estabilidade aprobados polo Goberno de España en febreiro e polo Parlamento en marzo quedando desfasados polo impacto da emerxencia sanitaria.*

*Visto que o 20/10/2020 o Congreso dos Diputados, por maioría absoluta, aprecia que se dan as condicións de excepcionalidade para suspender as regras fiscais.*

*Visto o disposto no informe de Intervención núm. 2020-0191*

*PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

*Revogar a declaración de non dispoñibilidade de créditos por importe de 250.000,00 euros aprobada polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 15 de xuño de 2020 no marco do Plan Económico-Financeiro para os exercicios 2020-2021, sendo efectivo este acordo dende o momento da súa aprobación."*

**VOTACION: VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos once membros presentes a este sesión, adoptándose o seguinte acordo:**

Revogar a declaración de non dispoñibilidade de créditos por importe de 250.000,00 euros aprobada polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 15 de xuño de 2020 no marco do Plan Económico-Financeiro para os exercicios 2020-2021, sendo efectivo este acordo dende o momento da súa aprobación.

**Expediente 1304/2020. Dación de conta da resolución de outorgamento da subvención de subministración de dúas marquesiñas ao abeiro do Plan Concellos 2020.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Quedan enterados.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

